

representa unha maior porcentaxe. En **áreas urbanas e industriais de gran desenvolvemento** como Madrid, País Vasco, Cataluña litoral, Comunidade Valenciana e os dous arquipélagos, as taxas son inferiores ao 8% da poboación activa. Son estas as áreas máis afectadas pola política industrial do "**desarrollismo**".

A desagrarización prodúcese en gran medida debido á **mecanización das tarefas agrícolas**. O crecemento do parque de maquinaria agrícola non deixou de incrementarse ao longo da última metade do século XX.

A **capacidade de innovación** amosada por agricultores de certas áreas de alta produtividade (horta almeriense, onubense, murciana...) permite obter produtos de máis calidade, capaces de competir vantaxosamente nos mercados; isto explica as maiores taxas de poboación activa das provincias citadas. O **régime de propiedade** pode condicionar a taxa de poboación activa agraria. Hai diferentes consecuencias: en provincias de predomínio latifundista como Xaén e noutras de predomínio hortícola minifundista como Almería, dentro da mesma comunidade autónoma, ostentan altas taxas de actividade. Outros **condicionantes son de tipo físico**: a **dispoñibilidade de terreos de cultivo** -tan importante na Andalucía interior, Estremadura e Castela-A Mancha, xunto con terras de Aragón e Cataluña interior- facilita que algunhas das provincias destas áreas sexan as de maior especialización agraria; isto implica unha maior taxa de activos agrarios.

A **PAC (Política Agraria Común)** potenciou diferentes tipos de agricultura, que afectou sobre todo á España mediterránea. Alí é onde subsisten as maiores explotacións cerealísticas e a horticultura mediterránea.

d) Explique as consecuencias derivadas desas diferenzas e algunha posible solución de futuro (1 punto).

As consecuencias derivadas da escasa poboación activa agraria poden ser:

- o **despoboamento das áreas rurais** e certo **abandono da paisaxe agraria**;
- **incremento dos riscos ambientais**; por exemplo, a posibilidade de incremento dos incendios forestais, control dos leitos fluviais, etc.
- **perda de autonomía alimentaria** por parte do país;
- risco de **perda da diversidade cultural** propia das diferentes paisaxes, como consecuencia da uniformización dos monocultivos agrarios.

Canto ás posibles solucións do sector cabe mencionar:

- a **necesidade de maiores investimentos** para mellorar a situación económica da poboación agraria (sobre todo a través do financiamento público);
- a obriga de **maior capacitación agraria da poboación** para facilitar o incremento dos seus recursos económicos;
- a **potenciación doutras actividades económicas** que contribúan globalmente a un **desenvolvemento rural sostible**;
- o fomento da **agricultura ecolóxica e producións con denominación de orixe**.